



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2022/7, Ordinaria REALIZADA O xoves 24 de novembro de 2022 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

PSdeG-PSOE

PATRICIA BLANCO FIDALGO

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

PABLO COUTO LOPEZ

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BARBEITO REY

MARGARITA RAMILO VARELA

Alternativa dos Veciños

SUSANA GUIMAREY GARCIA

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

FRANCISCO BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

No adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE


Ausencias:

Partido Popular

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO

Interventora:

NOEMI GONZALEZ MATO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ

Técnica Xurídica de Administración Xeral

SONIA CAMPOS ARES

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 23:03

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 24 de novembro de 2022, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 445/2022 e ° segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2022/7, Ordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA

1. Parte resolutiva da sesión. Ditámenes.

- 1.1. Aprobación das actas 5/2022 (correspondente á sesión celebrada o 29 de setembro de 2022) e 6/2022 (correspondente á sesión celebrada o 27 de outubro de 2022).
- 1.2. Aprobación da modificación da Relación de Postos de Tralaballo do Concello de Carral.
- 1.3. Adhesión do Concello de Carral ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e delegación das funcións de análise de riscos, uso do canle do bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia de administración local.
- 1.4. Elección de don Francisco Lozano Zapata como Xuíz de Paz titular do Concello de Carral.

2. Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.

- 2.1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 350/2022 ata o 444/2022, e no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.2. Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 7 de setembro, 30 de setembro, 13 de outubro e 28 de outubro de 2022.

3. **Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**

4. **Rogos e preguntas.**

PROPOSTAS ORDINARIAS

1.- Parte resolutiva da sesión. Ditámenes.

1.1.- Aprobación das actas 5/2022 (correspondente á sesión celebrada o 29 de setembro de 2022) e 6/2022 (correspondente á sesión celebrada o 27 de outubro de 2022).

O Alcalde pregunta aos Concelleiros se teñen algo que dicir e ningún deles ten observacións, polo que as actas enténdense APROBADAS de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.2.- Aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral.

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: *Modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral. Ano 2022.*

Tendo en conta que é necesario e conveniente modificar a actual relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral, aprobada definitivamente a última versión no pleno extraordinario do 22 de xullo de 2021, para adaptala ás necesidades xurdidas nesta Administración e á aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e ao artigo 23 do Real Decreto-Lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)”, así como ás medidas en materia de retribucións de persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Tendo en conta que para tal fin se emitiu por parte desta Alcaldía un proxecto de modificación de RPT que inclúe:

- a creación dos postos de traballo afectados pola aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

- a creación do posto de tesoureiro/a en base á agrupación de municipios e que vén motivada polo disposto no artigo 92.bis da Lei de Bases de Réxime Local, creación que leva aparelhada a modificación do posto de administrativo/tesoureiro/a por sérenlle retiradas as funcións de tesouraría.

-a creación dun novo posto de auxiliar administrativo/a ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública.

- a amortización do posto de arquitecto/funcionario ao incluírse dita ficha nos postos afectados pola estabilización do emprego no sector público.


- a amortización dos postos de encargado de obras e electricista por asunción das funcións dos mesmos noutros postos existentes.

- a actualización da estrutura salarial para todo o persoal laboral e a correspondente ao persoal funcionario para darlle cumprimento á lexislación vixente, que inclúe a valoración diferente dos postos susceptibles de funcionarización do resto do persoal funcionario con motivo da equiparación das retribucións complementarias globais como persoal laboral actuais á estrutura salarial funcional futura.

-a modificación do organigrama existente coa inclusión de novas áreas e unidades con motivo da inclusión das fichas dos postos de traballado afectados pola estabilización e os de nova creación e modificación incluídos no proxecto de modificación.

Visto que dito proxecto de modificación foi informado favorablemente polos servizos xurídicos municipais o catorce de novembro de dous mil vinte e dous a través de informe que se transcribe literalmente a continuación:

“DONA SONIA CAMPOS ARES, técnica xurídica do Concello de Carral, e DONA EVA JARDÓN LÓPEZ, secretaria municipal, en contestación ao ordenado pola alcaldía en providencia do 11 de novembro de 2022, emiten o seguinte INFORME conxunto en base aos seguintes



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANTECEDENTES

- *Providencia da alcaldía do 11 de novembro de 2022 onde se dispón a emisión por parte dos servizos xurídicos municipais de informe sobre a modificación da relación de postos de traballo e de fiscalización da intervención.*

- *Proxecto de modificación de RPT onde se inclúen todos os postos afectados pola entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público coa creación dun novo organigrama onde se inclúan novas áreas e unidades coa finalidade de adaptar dita redución de temporalidade á realidade do Concello. Tamén se actualizan os salarios respecto aos percibidos en decembro de 2021 de todos os postos de acordo coa resolución do 24 de outubro de 2022 da Secretaría do Estado de Presupostos e Gastos, a equiparación de todo o persoal co mesmo concepto de salario, a amortización dos postos de encargado de obras e electricista e a creación dun novo posto de tesoureiro/a (en agrupación de municipios con Abegondo e Bergondo), un de auxiliar administrativo e a modificación do posto de administrativo/tesoureiro, ao sérenlle retiradas as funcións de tesouraría, e que non estarían afectados pola lei anteriormente mencionada.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Os artigos 31 a 39 e 69 a 77 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (en adiante TREBEP).*


- *Os artigos 22.2.i) e 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en adiante LBRL).*

- *Os artigos 126.4, 157 e 129.3.a) do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (en diante TRRL).*

- *O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública (en diante LMRFP).*

- *Os artigos 61 a 64 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en diante TRET).*

- *O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


- A Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2022.
- Resolución do 24 de outubro de 2022, da Secretaría do Estado de Presupuestos e Gastos, pola que se ditan instrucións sobre o pago ao persoal do Sector Público Estatal.
- O artigo 23 do Real Decreto-Lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)”, así como medidas en materia de retribucións de persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

CONSIDERACIÓNS

Primeira- A modificación da relación de postos de traballo (RPT) é necesaria para adecuala a realidade do Concello que vén motivada, principalmente, pola entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público así como polas necesidades organizativas que xurdiron no último ano.

No proxecto de modificación creáronse as fichas dos postos afectados pola Lei 20/2021 quen na súa disposición adicional sexta autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización do emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para aquelas prazas que reunindo o establecido no artigo 2.1 estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 01 de xaneiro de 2016. Estes postos coa súa correspondente ficha son os seguintes:

NÚMERO DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALDA/SUBESCALA/ GRUPO/SUBGRUPO	PROVISIÓN
2	Auxiliar de servizos	V	Concurso
5	Obreiro/a albanel	V	Concurso
1	Técnico/a de Medioambiente	II	Concurso
1	Normalizador/a Lingüístico/a	I	Concurso
4	Auxiliar Administrativo/a	IV	Concurso
1	Arquitecto/a	I	Concurso



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1	Animador/a Cultural	IV	Concurso
1	Técnico/a de Cultura	III	Concurso
1	Técnico/a de Deportes	III	Concurso
1	Técnico/a de Servizos Sociais	II	Concurso
1	Educador/a Social	II	Concurso
1	Técnico/a de Educación	III	Concurso
1	Coordinador/a de emerxencias	V	Concurso
1	Técnico/a de informática	II	Concurso
5	Limpador/a	V (fixo discontinuo)	Concurso
3	Limpador/a	V	Concurso

Ademais créanse dous postos novos e modifícase o de administrativo/tesoureira. Estes postos non estarían afectados pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Polo que respecta ao posto de tesoureiro/a o mesmo crease en base á agrupación de municipios e consta con “Complementos salariais a determinar dentro do convenio de agrupación do posto”. A creación deste posto vén motivada polo disposto no artigo 92.bis LBRL segundo o cal “Son funcións públicas reservadas en todas as Corporacións Locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (...) El control y fiscalización interna da xestión económico-financeira, orzamentaria e a contabilidade, tesourería e recadación”. En consecuencia, o exercicio das funcións de tesoureira corresponde a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, o que foi confirmado polo RD 128/2018.

En canto ao posto de auxiliar administrativo, hai que ter en conta o disposto no artigo 15 LMRFP do que se deduce que todos os postos estruturais ou de funcións por atender a servizos permanentes/básicos ou esenciais da Entidade deben contemplarse no documento da RPT, xa sexan funcionarios ou laborais, polo que sendo un posto que leva cuberto temporalmente máis de tres anos, faise necesario incluílo no organigrama do Concello e cuxa forma de provisión será o de concurso-oposición.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Por último en canto ao posto de administrativo/a a modificación do posto de administrativo/tesoureira vén motivada pola creación do de tesoureiro/a sendo necesario retirarlle as funcións da tesouraría a este posto. En resumo, estes postos quedarían así:


NÚMERO DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALDA/SUBESCALA/GRUPO/SUBGRUPO	PROVISIÓN
1	Tesoureiro/a	A1 (funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional)	Concurso
1	Administrativo	C1(funcionario)	Concurso-oposición
1	Auxiliar administrativo/a	IV (laboral fixo)	Concurso-oposición

Amortízanse así mesmo os postos de encargado de obras e electricista por asunción das funcións destes por parte dos novos postos incluídos na modificación da RPT.

Como consecuencia destas modificacións, procédese a adaptación do número de areas e unidades tal e como se reflicte no esquema incluído na proposta de modificación da RPT.

Segunda.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece no seu artigo 74 que “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, ao que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”.

Terceira.- As entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización (artigo 90.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local) nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública e que corresponde ao Estado establecer as normas con arranxo ás que deben confeccionarse as relacións de postos de traballo, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Cuarta.- A aprobación da RPT e as súas modificacións correspóndelle ao Pleno do Concello en virtude das atribucións que lle outorga o artigo 22.2.i) da LBRL sen que tal atribución poida ser obxecto de delegación (artigo 22.4 da LRBL).

Cando a modificación da RPT supoña modificación do persoal deberá seguirse o mesmo trámite que para a aprobación do orzamento municipal ao abeiro do establecido no artigo 126.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. Isto é:


- Aprobación inicial polo Pleno do Concello que se expoñerá ao público coa publicación no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, no diario oficial de Galicia, por 15 días hábiles durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ante o Pleno. O acordo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións. En caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

- Polo que respecta a maioría necesaria para aprobación inicial e definitiva da RPT, e polo tanto para a modificación da mesma, é a maioría simple, ao no estar contemplada dita materia entre as enumeradas no artigo 47.2 LBRL.

- Publicación no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, no diario oficial de Galicia da aprobación definitiva da RPT e do persoal e remisión á Administración estatal e á Administración autonómica no prazo máximo de 30 días hábiles.

Quinta.- A proposta de modificación da RPT deberá ser informada pola intervención municipal e por aplicación do disposto nos artigos 34 e 37.c) do TREBEP deberá ser obxecto de negociación previa na respectiva mesa de negociación. Neste senso, hai que ter en conta que dita negociación considerase preceptiva e a súa ausencia leva consigo a nulidade de pleno dereito do documento pola ausencia dun trámite esencial, segundo resulta da Sentencia de 7 de maio de 2010 reiterada con posterioridade.

Sexta.- A Sentencia do Tribunal Supremo de 5 de febreiro de 2014 veu a aclarar a polémica sobre a natureza xurídica da RPT e cualifica a mesma, a todos os efectos xurídicos como un acto administrativo plúrimo con destinatarios indeterminados apartándose así da súa inicial cualificación de regulamentos de persoal. Por iso non é necesario o trámite de información pública que teñen as normas regulamentarias. De aí a súa natureza xurídica como acto administrativo con destinatarios indeterminados.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sétima.- Con carácter previo a calquera acordo plenario, e previa mesa de negociación, o expediente deberá someterse ao ditame da comisión informativa de asuntos xerais do Pleno por así esixilo a lexislación vixente.

Por todo isto, a vista do anteriormente exposto e tendo en conta o proxecto de modificación da relación de postos de traballo (RPT), estes servizos xurídicos **INFORMAN FAVORABLEMENTE** a modificación da RPT para a inclusión e creación das fichas dos postos afectados pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a inclusión de dous postos de nova creación (tesoureiro/a por agrupación de municipios e auxiliar administrativo/a), a modificación do posto de administrativo/tesoureira que pasaría só a administrativo/a por sérenlle retiradas as funcións de tesoureira así como a amortización dos postos de encargado de obras e electricista e as adaptacións salariais segundo a lexislación vixente.”

Tendo en conta que a intervención municipal con data do 14 de novembro de 2022 informou tamén favorablemente o proxecto de modificación de RPT a través de informe que se transcribe literalmente a continuación:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Proposta do 14 de novembro de 2022 para a modificación da relación de postas de traballo (RPT} do Concello de Carral.

Vista a providencia da alcaldía do 14 de novembro de 2022 onde se dispón que por parte da intervención municipal se emita informe sobre a proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo e se fiscalice a mesma.

Visto o proxecto de modificación de RPT onde se inclúen todos os postos afectados pola entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público coa creación dun novo organigrama onde se inclúan novas áreas e unidades coa finalidade de adoptar dita redución de temporalidade á realidade do Concello e na que tamén se produce a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

actualización dos salarios respecto aos percibidos en decembro de 2021 de todos os postos de acordo coa resolución do 24 de outubro de 2022 da Secretaría do Estado de Presupostos e Gastos, a equiparación de todo o persoal co mesmo concepto de salario, a amortización dos postos de encargado de obras e electricista e a creación dun novo posto de tesoureiro/a (en agrupación de municipios con Abegondo e Bergondo), un de auxiliar administrativo e a modificación do posto de administrativo/tesoureiro ao que se lle retiran as funcións de tesouraría, e que non estarían afectados pola lei anteriormente mencionada.


Visto o informe emitido de forma conxunta Dona Sonia Campos Ares, comotécnica xurídica do Concello de Carral, e Dona Eva Jardón López, como secretaria municipal, en contestación ao ordenado pola alcaldía en providencia do 14 de novembro de 2022

É polo que, á vista dos antecedentes sinalados, esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME,

PRIMEIRA.- Desde o punto de vista técnico, o control interno da actividade económico- financeira do sector público local que se exerce polo órgano interventor estrutúrase en dúas modalidades, función interventora, tamén chamada fiscalización previa, e control financeiro, segundo o artigo 3 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles derívense, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control financeiro comprende as modalidades de control permanente e de auditoría pública, e en ambas as inclúese o control de eficacia que menciona o artigo 221 do TRLRHL.

A finalidade do control permanente é comprobar, de maneira continuada, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico xa os principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental, segundo o artigo 222 do TRLRHL.

O control permanente exercerase sobre a entidade local e as entidades dependentes desta con orzamento limitativo (organismos autónomos e consorcios) en que leve a cabo a función interventora, segundo o artigo 220 do TRLRHL e 29.2 RCI

O control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor. Entre elas cando é materia competencia de Pleno por maioría absoluta, solicítao o Alcalde ou 1/3 dos concelleiros ou unha norma esixe expresamente informe de intervención, como no caso da aprobación do orzamento ou da liquidación.

En concreto, o control permanente comprende as seguintes actuacións e comprobacións:

- a. Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- b. Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- c. Comprobación da planificación, xestión e situación da tesouraría.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- d. *As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.*
- e. *Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar una valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, ao obxecto de poder detectar posibles deficiencias, así como propor as recomendacións que se estimen oportunas para poder corrixilas.*
- f. *Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente o resultado as operacións derivadas da súa actividade económico-financeira.*


A necesidade ou non de informe previo do órgano interventor no expediente de aprobación ou modificación da RPT non é una cuestión pacífica.

No que respecta á función interventora, na medida que estes acordos non levan aparellada ningunha fase xestión do orzamento de gastos da Corporación (tampouco de ingresos) non nos acharemos ante un suposto do exercicio desta, é dicir, de fiscalización previa pois non hai ningún gasto nin pago a fiscalizar.

No que respecta á función de control financeiro, a IGAE restrinxe o ámbito de aplicación do control ás actuacións de xestión económico-financeira do Concello.

Como tal, estes informes non están recollido dentro dos supostos taxados de actuacións de control permanente atribuídas ao órgano interventor (coma se sucede respecto da aprobación do orzamento ou da liquidación). Ademais, nin no Real Decreto 424/2017 nin no Real Decreto 128/2018 esíxese que o interventor informe a RPT ou o acordo de condicións de traballo con carácter previo á súa aprobación, nin o esixe de modo preceptivo ningunha outra norma, polo que podería considerarse que non son estritamente preceptivos estes informes previo do interventor.

E é que debemos ter en conta que aínda que se trata dun informe cuxa necesidade de emisión nunca se ten recollido de forma expresa na normativa de aplicación, elaborouse de forma habitual polos interventores das Entidades Locais, precisamente por tratarse dunha cuestión que afecta á xestión económica e orzamentaria, en aras de dar cumprimento ao disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria; e porque é habitual que sexan os propios membros das Corporacións, Alcaldes



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ou Presidentes, como ocorre no caso que nos ataíña, quen soliciten ese asesoramento económico-financieiro nestes asuntos, converténdose así en necesaria a emisión deste informe de control permanente previo da intervención, en atención ao disposto no apartado 5º do artigo 4.1.b do Real Decreto 128/2018, (entre outros a solicitude do Alcalde), no mesmo sentido exprésanse o artigo 54.1 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).


SEGUNDO.- A Relación de Postos de Traballo (RPT) é o instrumento técnico, de carácter organizativo, a través do cal se realiza a ordenación do persoal, establécense as súas funcións, de acordo coas necesidades dos servizos e determínanse os requisitos para o desempeño de cada posto e as súas retribucións complementarias é dicir, un instrumento de planificación e xestión do persoal da Entidade Locais, onde se establecen as características dos postos de traballo (grupo, complemento de destino, específico, funcións,..) que responden á organización do Concello.

Non é un documento que se deba aprobar co orzamento, senón que se pode aprobar en calquera momento, debendo ter o seu reflexo no orzamento para a súa realización efectiva.

No caso de que a modificación da RPT conteña incrementos salariais, é necesario que conte con crédito axeitado e suficiente no Capítulo 1 do Orzamento, este acordo se comportará gasto para a Corporación e estará sometido a informe de intervención.

Neste caso, a modificación da relación de postos de traballo (RPT) é necesaria para adecuala a realidade do Concello que vén motivada, principalmente, pola entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público así como polas necesidades organizativas que xurdiron no último ano.

No proxecto de modificación creáronse as fichas dos postos afectados pola Lei 20/2021 quen na súa disposición adicional sexta autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización do emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para aquelas prazas que reunindo o establecido no artigo 2.1 estiveran ocupadas con carácter temporal de forma interrompida con anterioridade ao 01 de xaneiro de 2016. Se ben, a incorporación deste posto á RPT non ten aparellado ningún tipo de incremento salarias, tal



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

e como se dispón na Lei de Estabilización do emprego. Estes postos coa súa correspondente ficha son os seguintes:

NÚMERO DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALDA/SUBESCALA/ GRUPO/SUBGRUPO	PROVISIÓN
2	Auxiliar de servizos	V	Concurso
5	Obreiro/a albanel	V	Concurso
1	Técnico/a de Medioambiente	II	Concurso
1	Normalizador/a Lingüístico/a	I	Concurso
4	Auxiliar Administrativo/a	IV	Concurso
1	Arquitecto/a	I	Concurso
1	Animador/a Cultural	IV	Concurso
1	Técnico/a de Cultura	III	Concurso
1	Técnico/a de Deportes	III	Concurso
1	Técnico/a de Servizos Sociais	II	Concurso
1	Educador/a Social	II	Concurso
1	Técnico/a de Educación	III	Concurso
1	Coordinador/a de emerxencias	V	Concurso
1	Técnico/a de informática	II	Concurso
5	Limpador/a	V (fixo descontinuo)	Concurso
3	Limpador/a	V	Concurso

Ademais créanse dous postos novos e modifícase o de administrativo/tesoureira. Estes postos non estarían afectados pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O de tesoureiro/a é en base á agrupación de municipios e vai ser retribucións; o de auxiliar administrativo é un posto que leva cuberto temporalmente máis de tres anos e faise necesario incluílo no organigrama do Concello e cuxa forma de provisión será o de concurso-oposición; e o de administrativo/a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

responde á modificación do posto de administrativo/tesoureira por crearse o posto de tesoureiro/a e retirarlle as funcións da tesouraría a este posto. En resumo, estes postos quedarían así:

NÚMERO DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALDA/ SUBESCALA/ GRUPO/SUBGRUPO	PROVISIÓN
1	Tesoureiro/a	A1 (funcionario)	Concurso
1	Administrativo	C1(funcionario)	Concurso-oposición
1	Auxiliar administrativo/a	IV (laboral fixo)	Concurso-oposición


Amortízanse así mesmo os postos de encargado de obras e electricista por asunción das funcións destes por parte dos novos postos incluídos na modificación da RPT.

A creación e modificación destes postos, tampoco crea incrementos salariais, posto que supón o volcado na RPT dunha realizade existente no Orzamento de Persoal e na Plantilla de persoal.

TERCEIRO.- A aprobación da RPT e as súas modificacións correspóndelle ao Concello Pleno en virtude das atribucións que lle outorga o artigo 22.2.i) da LBRL sen que tal delegación poida ser obxecto de delegación (artigo 22.4 da LRBL).

Cando a modificación da RPT supoña modificación do persoal deberá seguirse o mesmo trámite que para a aprobación do orzamento municipal ao abeiro do establecido no artigo 126.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. Isto é:

- Negociación previa na respectiva mesa de negociación, por aplicación do disposto nos artigos 34 e 37.c) do TREBEP.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- *Aprobación inicial polo Concello Pleno que se expoñerá ao público coa publicación no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, no diario oficial de Galicia, por 15 días hábiles durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ante o Pleno. O acordo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións. En caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*
- *Publicación no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, no diario oficial de Galicia da aprobación definitiva da RPT e do persoal e remisión á Administración estatal e á Administración autonómica no prazo máximo de 30 días hábiles.*

*Á vista do sinalado neste informe, o resultado do control permanente previo do expediente resulta **FAVORABLE**, se ben a Corporación Municipal adoptará a decisión que estime adecuada.”*


Visto o acordo acadado por unanimidade dos membros da mesa xeral de negociación celebrada o mércores 16 de novembro de 2022 trala convocatoria realizada a través de decreto da alcaldía 433/2022, do 14 de novembro de 2022.

*Á vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte*

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar o proxecto de modificación da relación dos postos de traballo (RPT) do Concello de Carral que figura como anexo a esta proposta.*

Segundo.- *Expoñer ao público esta modificación da relación de postos de traballo durante o prazo de quince días hábiles que se computarán dende o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

no boletín oficial da provincia (BOP) durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar as reclamacións oportunas ante o Pleno do Concello.

Esta modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar no boletín oficial da provincia (BOP) a modificación da relación dos postos de traballo unha vez sexa aprobada definitivamente.

Cuarto.- Remitir á Administración do Estado e á Administración Autonómica de Galicia, dentro do prazo de trinta días, copia do acordo acadado.

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

Tendo en conta que é necesario e conveniente modificar a actual relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral, aprobada definitivamente no pleno extraordinario do 22 de xullo de 2021, para adaptala principalmente ás necesidades xurdidas nesta Administración e á aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e ao artigo 23 do Real Decreto-Lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)”, así como ás medidas en materia de retribucións de persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca.

Tendo en conta que para tal fin é preciso un proxecto de modificación da relación dos postos de traballo actual para darlle cumprimento a lexislación vixente, **PRESENTASE** o mesmo segundo os puntos que a continuación se relacionan:




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Primeiro.- créanse os postos de traballo afectados pola aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e que son os seguintes:

 DENOMINACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO		
ÁREA	1	SECRETARÍA XERAL
SERVIZO	4	SECRETARÍA XERAL
UNIDADE	4	SECRETARÍA XERAL
POSTO	2	TÉCNICO/A DE INFORMÁTICA
TIPO DE POSTO		TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA
<i>Laboral fixo (xornada parcial)</i> <i>Grupo: II</i> <i>Complementarias : 2.951,95€</i>		<i>técnico superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede, técnico superior en Desenvolvemento de aplicacións web, técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, diplomatura en enxeñeiro técnico en informática de sistemas ou equivalente.</i>
FUNCIÓNS DO POSTO:		
<ul style="list-style-type: none">- Manexar os computadores e aplicativos informáticos e tecnolóxicos necesarios para o correcto desempeño dos postos de traballo do Concello.- Tratar de resolver cantos problemas ou incidencias xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional.- Mantemento e configuración dos equipos de traballo.- Asesoramento ás consultas técnicas en materia da súa competencia.- Elaborar proxectos, informes, propostas, pregos de condicións e memorias valoradas relacionadas coa súa profesión e competencia así como apoio aos restantes servizos municipais na redacción dos mesmos		



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

nos que polos seus coñecementos e competencias lle sexa requirido.

- Manter relación cos provedores tecnolóxicos así como cos traballadores municipais e, no seu caso, realizar a formación destes naqueles proxectos ou actuacións da súa competencia.
- Dirixir a execución de proxectos municipais supervisando o axuste aos programas e obxectivos iniciais establecidos e realizando as accións necesarias para o seu cumprimento.
- Deseño e xestión de actividades de formación dirixidas á cidadanía así como impartir as mesmas.
- Responsable dos aspectos técnicos da páxina web do Concello, das redes municipais (facebook, whatsapp, twiter, instragam,etc) e publicación de anuncios remitidos polos diferentes departamentos municipais.
- Tarefas que lle correspondan ás persoas da súa categoría profesional ás que substitúa, en caso de vacante ou ausencia, durante o tempo que dure a devandita substitución.
- Calquera que lle encomende o seu superior xerárquico.

Todo segundo os deberes dos empregados públicos, código de conduta, principios éticos e principios de conduta establecidos nos artigos 52, 53 e 54 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da LEBEP.

VALORACIÓN DO POSTO

ACTORES DE VALORACIÓN	DEFINICIÓN DO NIVEL	UTILIDADES PRÁCTICAS	NIVEL DO POSTO
	1.Título de Graduado ESO,	Actividades de	




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FACTOR “A” TITULACIÓNS ACADÉMICAS	<i>FPI ou equivalente</i>	<i>Cualificación escolar moderada</i>	
	<i>2.Título de bacharelato, FP II ou equivalente</i>	<i>Actividades de cualificación profesional alta</i>	
	<i>3.Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, FP III, ou equivalente.</i>	<i>Actividades de cualificación técnica media.</i>	
	<i>4.Título de doutor, licenciado,, Enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.</i>	<i>Cursos complementarios para o desempeño do posto.</i>	
FACTOR “B” OUTROS ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN	<i>1.Especialización Baixa</i>	<i>Utilidades prácticas sen necesidade de titulación.</i>	
	<i>2.Especialización Básica</i>	<i>Carnés especiais para manipulación de máquinas</i>	
	<i>3.Especialización Moderada</i>	<i>Estudos específicos do área</i>	
	<i>4.Especialización Media</i>	<i>Especialidades Técnicas</i>	
	<i>5.Especialización Alta</i>	<i>Estudios especiais tipo máster relacionados co área do Posto</i>	
	<i>6.Especialización Moi Alta</i>	<i>Coñecementos específicos para certas áreas de asesoramento</i>	
	<i>7.Especialización Máxima</i>	<i>Posto que so se poden desenvolver pola</i>	




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		<i>acumulación de especializacións complexas de ámbito superior.</i>	
FACTOR “C” RESPONSABILIDAD E POR MANDO	1. Mando Baixo	<i>Vixilancia e control de persoal</i>	
	2. Mando medio	<i>Vixilancia e coordinación do traballo dun grupo de traballadores propios ou externos</i>	x
	3. Mando dun grupo reducido con ou sen algún mando intermedio	<i>Normalmente de 3 a 15 persoas</i>	
	4. Mando dun grupo importante de traballadores	<i>Mando directo sobre unha área de traballo de máis de tres persoas</i>	
	5. Mando dunha organización	<i>Con independencia do número de traballadores</i>	
FACTOR “D” RESPONSABILIDAD E POR REPERCUSIÓN NOS RESULTADOS	1. Pouca repercusión en resultados	<i>Postos de execución con normas e control alto</i>	
	2. Certa repercusión en resultados	<i>Postos de execución con normas e control medio</i>	
	3. Moderada repercusión en resultados	<i>Postos de execución con normas e control baixo</i>	
	4. Media repercusión en resultados	<i>Postos de control sinxelo ou de execución sen normas</i>	
	5. Media- Alta repercusión en resultados	<i>Postos de control, coordinación...</i>	




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Página web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	6. Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección sinxela	
	7. Moi Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección complexa ou plurifuncional	
	8. Máxima repercusión en resultados	Postos de Xerencia de Organismos Importantes e con competencias delegadas	
FACTOR “E” ESFORZO INTELLECTUAL	1. Significativo esforzo intelectual	Postos cuxa actividade e fundamentalmente intelectual, procedementos non normalizados, se ben as variables que manexa non son de máxima complexidade	X
	2. Importante Esforzo intelectual	Postos profesionais de informes, coordinación e mando, cuxa misión habitual é dar solución a problemas complexos	
	3. Máximo esforzo intelectual	Postos técnicos de actividades especializada exclusivamente intelectual, de máxima complexidade na organización	
FACTOR “F” ESFORZO FÍSICO	1. Esforzos físicos moderados ou posturas normalmente forzada	Postos de actividade manual, con moderados esforzos de torsión, presión tracción ...	X



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	2. Esforzos físicos importantes con posturas normalmente moi forzadas	Postos de carga/descarga, ou de actividades físicas de esforzo	
Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde en relación coa aprobación da RPT di que celebrouse Mesa de Negociación cos sindicatos en data 16 de novembro de 2022 e aprobouse por unanimidade, ten os informes xurídicos e de intervención favorables. A modificación trata da creación de postos de traballo afectados pola aprobación da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A creación do posto de tesouraría en base a agrupación de municipios que ven motivada polo disposto no artigo 92 bis da Lei de Bases de Réxime Local. Creación que leva aparelada a modificación do posto de administrativo-tesoureiro por serlle retiradas as funcións de tesouraría.

A creación dun novo posto de auxiliar administrativo ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 30/1984 de Medidas para a Reforma da Función Pública.

A amortización do posto de arquitecto funcionario, ao incluírse dita ficha nos postos afectados pola estabilización.

A amortización dos postos de encargado de obra e electricista, por asunción das funcións dos mesmos noutros postos existentes.

A actualización da estrutura salarial para todo o persoal laboral.

A modificación da organización existente.

Isto será publicado no BOP por un período de 15 días, senón hai alegacións quedaría aprobado definitivamente, se hai alegacións volvería ao Pleno.

Dona Florinda toma a palabra para dicir que ela non tivo tempo para revisar todo o persoal, pero mantivo conversacións con algúns e hai xente que debería estar recoñecida con outro tipo de nivel, pero prefiren quedarse como están, por si a praza sae a concurso non perder os anos que levan desempeñando a labor no seu posto. E observa que a técnica de educación foi contratada no ano 2004 como educadora social e non sabe se é un erro, pero báixanlle do grupo de nivel 2 onde está actualmente ao grupo 3, se é un erro pide que se emende e se non o é propoñe unha emenda in voce, para que se lle recoñeza o mesmo tipo de contrato que vén desempeñando desde hai case 20 anos. E ao mesmo tempo aproveitando que se vai a facer esta modificación dá RPT, igual que hai pouco se trouxo pasar a funcionario o posto de Maica, e o posto de Erika Mosquera, que son postos de auxiliar administrativo. O Alcalde dille a Florinda que se limite a dicir os postos sen nomes, e lle pide á Secretaria que informe se se poden dar nomes dun terceiro. A Secretaria toma



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

a palabra para dicir que non, pero non só por protección de datos senón porque os postos son postos e non están asignados a un nome e apelidos, estamos a falar de postos e non de persoas.

Dona Florinda di que de acordo, que entón falamos do posto de tesourería, que está como auxiliar administrativo e propón que esta persoa pase ao mesmo nivel que están todos os seus compañeiros dos demais departamentos, que pase a ser funcionario.


O Alcalde dálle a palabra a dona Sonia, que expón que respecto do posto de técnica de educación ten categoría 3, como os outros técnicos, porque é a categoría coa que eses postos foron contratados no seu momento e revisados os contratos, orixinalmente era categoría 3. E en canto a posibilidade de funcionarización, sinala que todos os postos que se consolidan o fan como laborais fixos, aínda que no futuro sexan susceptibles de funcionarización.

Dona Florinda volve a tomar a palabra e di que ten o contrato da educadora social diante e o mesmo di *“A traballadora prestará os servizos como educadora social, técnica de educación, incluída no grupo número 2”*. Dona Sonia di que revisada a documentación relativa a ese posto de traballo estaba como categoría 3 e insiste que todos os técnicos do Concello aos que non se lles esixe unha titulación en concreto se poñen como categoría 3.

Dona Florinda, di que o seu deber é velar polos intereses dos traballadores do Concello e asegura que esta persoa está contratada dende o primeiro contrato cunha subvención como diplomada de educación social, técnica de educación con renovacións anuais dende o ano 2004 e cobrando a antigüidade como grupo 2. Nesta RPT o que intentan é unificar, pero unha cosa é que vostedes intenten unificar e outra que lle baixen a unha persoa do nivel 3 ao 2, o que baixaría o pago da antigüidade e ao mesmo tempo degradan a súa profesión. Polo que propón unha emenda in voce para que non se rebaixe a categoría que esta persoa tiña ata agora e que o auxiliar administrativo de intervención pase a funcionario.

Dona Sonia toma a palabra para dicir que a auxiliar administrativa non pode pasar a funcionaria porque a Lei habilita para que pasen a laborais fixos e non se pode incrementar a masa salarial, se creamos unha praza de funcionario nova teríamos que duplicar a cantidade orzamentaria. A cuestión é estabilizalos como laborais fixos e posteriormente funcionarizalos.

Dona Florinda sinala que nese caso retiraría o de funcionarizar a esta auxiliar administrativa, pero continúa coa emenda in voce de que á técnica de educación se lle manteña o nivel 2 que o que ten dende o ano 2004.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dona Patricia non toma a palabra.

O señor Mouriño di que non é certo que os técnicos do Concello teñan todos o mesmo grupo e no caso que plantea a señora Duarte lles consta que é certo que dito técnico esta no grupo 2 e plantean que se revise. Non pretenden que o asunto quede sobre a mesa, porque creen que debe ser un erro, pero ao mesmo tempo queren que o consideren.

Dona Sonia toma a palabra para dicir que hai grupo 1, no caso do posto de normalizador lingüístico, porque o mesmo require a titulación, no caso dos postos nos que non se require por lei unha titulación específica, o Concello pode determinar a categoría.

Dona Florinda pregunta á asesora xurídica se cobra o mesmo o nivel 1, que o nivel 2, que o nivel 3. Dona Sonia di que non e sinala que ninguén que se consolide nesta RPT vai cobrar menos do que esta cobrando agora mesmo, a consolidación é con as mesmas retribucións que teñen. Esta modificación ven determinada pola Lei de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas, que pasan os temporais a ser fixos coas mesmas condicións de categoría e salario que tiñan. E dende Alcaldía decidiuse incluílos na RPT para que esas persoas pasen a ser estruturais do Concello, pero a modificación da RPT pode quedar sobre a mesa e non pasa nada.


Don Francisco pide a palabra para engadir que dita modificación ven co acordo dos sindicatos por unanimidade.

Don Jose Luis di que falouse dende un principio de que podía ser un erro, non se fala dos emolumentos, só falamos de que esa persoa tiña o mesmo grupo que tiña antes e pregunta se pode ser un erro?

Dona Patricia pregunta se esta persoa que é categoría 2 vai seguir sendo categoría 2 e cobrando como categoría 2 e no caso de que esta persoa saia do Concello a persoa que entra o faría con categoría 3?

A señora Ares contesta que as condicións serán as mesmas, unicamente se incorpora ao organigrama do Concello, e o posto pasa a categoría 3, as fichas están aquí e foron remitidas aos sindicatos e a cada persoa se lle remitiu a súa ficha para que o puidesen comprobar, que os emolumentos non cambian, nin poden cambiar.

Dona Susana pide a palabra como concelleira de persoal para aclarar que o tema da estabilización é simplemente cumprir unha lei e dita lei di que hai que estabilizar os postos sen incremento nin diminución de salario. As fichas estiveron a disposición do persoal e dos sindicatos, e nos reunimos en dúas ocasións cos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

representantes dos traballadores, e chegamos a un consenso, sempre en beneficio dos traballadores. No plan de estabilización entraron todos os traballadores, os salarios iguais e cumpriuse estritamente unha lei. Se a RPT non se aproba non pasa nada, os traballadores non se inclúen na RPT porque non se aproba en Pleno.

Don Jose Luis sinala que hai que cumprir a lei e que ninguén fala de que quede sobre a mesa a RPT, falamos de que posiblemente haxa un erro, porque hai unha persoa que na súa nómina pon grupo 2 e agora na RPT pasa a grupo 3 e cremos que pode haber un erro.

A Secretaria toma a palabra e di que en principio tívose en conta o contrato de orixe, no caso deste contrato tivo moitas modificacións, pode que agora na nómina apareza como categoría 2 pero o que temos en conta o contrato no seu orixe.

Dona Florinda di que o contrato en orixe é o que acaban de ler, e están dicindo algo que igual escapóuselle aos técnicos.

O Alcalde di que hai un período de alegacións de 15 días e se esa persoa considera que non está correcto é posible que presente alegacións.

Dona Florinda pide presentar emenda in voce para incluír esta modificación para que no posto de técnico de educación mantéñase o nivel 2.


A Secretaria toma a palabra para dicir que a emenda non pode ser obxecto de votación porque é preciso revisar a documentación para comprobar se existe ou non o erro.

O señor Mouriño toma a palabra para dicir que eles non tratan de que quede sobre a mesa, pero no suposto de que haxa ese erro que se subsane, recoñezan que pode haber un erro e votamos a favor todos.

A Secretaria toma a palabra e di que entende que sería un acordo condicionado e que o Pleno non pode adoptar un acordo condicionado a unha revisión de se a documentación está ben ou está mal, deberíase revisar a documentación e no caso de que haxa un erro, rectificariábase o mesmo e levaríase ao Pleno, pero non é posible un acordo condicionado á revisión.

Dona Florinda pregunta se vaise revisar a documentación.

A Secretaria di que se votan o acordo como esta, apróbase como está, se despois hai algunha alegación se estudara a mesma.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dona Patricia di que pensando que hai un período de alegacións, que a persoa vai seguir cobrando como grupo 2 e que o posto pasa a ser categoría 3 porque non existe unha cualificación específica, non lle parece motivo para paralizar a aprobación da RPT.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votos a favor: 11

- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto


Abstenciones: 1

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

1.3.- Adhesión do Concello de Carral ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e delegación das funcións de análise de riscos, uso do canle do bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia de administración local.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, o día luns 21 de novembro de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:

PROPOSTA DE ACORDO


ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

EXPEDIENTE: 2022/A006/000005

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no seu artigo 22 esixe aos estados membros como España que, na súa condición de beneficiarios dos fondos dese mecanismo, adopten todas as medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión Europea e velen porque a utilización de tales fondos se axuste tanto ás normas da propia Unión como as nacionais, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

Para facer efectivas as iniciativas previstas no Plan as Administracións Públicas deben adaptar os procedementos de xestión e o modelo de control. Algunhas medidas de axilización establecéronse mediante o Real Decreto- Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.(PRTR)

Ademais, no desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilita a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos servizos da Comisión Europea, se ten aprobado a Orde HFP/1030/2021, de 29 de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. No seu artigo 6 esixe a redacción dun plan de medidas antifraude para cada organismo xestor de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia co obxectivo de asegurar a prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Neste sentido a con data 4 de xullo de 2022, no BOP núm. 125, publícase o contido do Plan Xeral de prevención de riscos e de medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR). No mesmo, regula a posible adhesión dos concellos da provincia ao citado Plan con distintos graos de adhesión en función da poboación municipal: “A Deputación, como organización de xestión e goberno da Provincia da Coruña, asenta a súa natureza de entidade local na agrupación de concellos (artigo 141 da Constitución e 31 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local), atribuíndoselle como competencia esencial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica con aqueles, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36.1, letra b, da devandita Lei 7/85).

Pois ben, co fundamento competencial exposto e tomando moi en consideración a novidade e, asemade, complexidade organizativa e técnica das medidas antifraude que se regulan neste documento, considérase oportuno e mesmo necesario posibilitar que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan adherirse a este Plan, establecéndose deseguido distintos niveis ou graos de adhesión, que se van a graduar partindo da poboación de cada entidade, criterio legal que se vén utilizando con carácter xeral na oferta de cooperación municipal en todos os ámbitos..”

Entre os distintos graos de adhesión que se prevé no PREMADECOR considerouse o mais convinte para o Concello de Carral, o 3º, que está recollido no apartado I.2.C) dese plan e abarca tanto os formularios como a delegación, non soamente das funcións de avaliación de riscos, senón tamén do seguimento das medidas polo denominado Comité Anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR) e da instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local. O acordo a adoptar, que deberá ser por maioría do número legal de membros, axustarase ao modelo do Anexo C.2 do PREMADECOR.

Considerando imprescindible esta axuda por parte da Deputación Provincial en aras ao cumprimento das esixencias marcadas polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea e tendo en conta as disposicións contidas nos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1982, de 2 de abril,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Reguladora das bases de réxime local, se propón a adopción do seguinte propoño ao Pleno do Concello de Carral, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte **ACORDO**

Primeiro.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

Segundo.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:


“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.

2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACI e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.

3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.


1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”

Terceiro.- Notificar á Deputación da Coruña a adhesión en grao terceiro do Concello de Carral ao PREMADECOR.

Cuarto.- Someter a adhesión á aceptación do Pleno da Deputación da Coruña, e unha vez adoptado o acordo por este órgano, publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Carral.

Asinado dixitalmente, en Carral, na data que figura ao marxe polo Alcalde do Concello, don Francisco Javier Gestal Pose”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde expón que neste punto o que se pretende é a adhesión ao Plan de riscos e medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) aprobando todos os seus documentos e formularios e delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias de PREMADECOR.

O señor Jose Luis toma a palabra para dicir que é unha directriz que marca a Unión Europea para posibles subvencións que poida haber con fondos europeos e xa era hora que se presentará porque xa van corenta e pico concellos adheridos, e que lles parece a adhesión no grao 3.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular


0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.4.- Elección de don Francisco Lozano Zapata como Xuíz de Paz titular do Concello de Carral.

Consta no expediente o seguinte Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno.

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, o día luns 21 de novembro de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:

PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Elección polo Pleno do Concello de Carral de xuíz/a de paz titular para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O 10 de decembro de 2021 (saída nº 1989, do 14 de decembro) a Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia remitiu ao Concello un escrito no que indicaba “ En cumplimiento de lo acordado por el Excmo. Sr. Presidente; le comunico que la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en su reunión de fecha 03/12/2021, estando próximo a vencer el periodo- cuatro años- por el que se nombró juez de paz titular de ese municipio, acordó oficiar a ese ayuntamiento a fin de que se inicie nuevo expediente para elegir juez de paz titular en el plazo de tres meses tal como establece el art 101.4 de la Ley Orgánica 6/1985 de 1 de julio del poder judicial, de no hacerlo se nombrará directamente por esta sala de gobierno, Debiendo remitir copia completa del expediente tramitado, donde constarán las solicitudes, documentación presentada y profesión de la persona designada.


En el supuesto de que ese ayuntamiento acordara no iniciar el expediente de elección se interesa se participe a ese tribunal para así adelantar el nombramiento.”.

Esta alcaldía dictou o 17 de outubro de 2022 o decreto 384/2022 , que se transcribe a continuación:

“Asunto: Inicio de expediente para elección de xuíz/a de paz titular de Carral

EXPEDIENTE: 2022/G003/000410

Logo de recibirse o 14 de decembro de 2021 (rexistro de saída do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 1989) unha comunicación do 10 de decembro de 2021 da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o cal, estando próximo a vencer o período- catro anos-polo que se nomeou Xuíz de Paz titular do municipio de Carral (A Coruña), se debe iniciar novo expediente para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

proceder á elección de novo/a Xuíz/a de Paz titular, para dar cumprimento ao establecido nos artigos 101 e 102 da lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, que a desenvolve en materia de Xuíces de Paz, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

1- Iniciar expediente para que, de acordo coa comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se proceda polo Pleno do Concello a propoñer á Sala de Goberno do devandito Tribunal Superior de Xustiza o nomeamento de xuíz/a de paz titular de Carral.

2- Indicar aos/ás interesados/as que poderán presentar no rexistro xeral do Concello de Carral (A Coruña), no prazo de QUINCE DÍAS dende o día seguinte á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a correspondente instancia, acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral do Documento Nacional de Identidade.

b) Declaración responsable relativa aos seguintes extremos:


- Ser español/a, maior de idade, e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (Non estar impedido/a física ou psiquicamente para a función xudicial, non ter sido condenado/a por delito doloso (ou ter obtido, en caso contrario, a rehabilitación), non estar procesado/a o inculcado/a por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís).

- Aínda non sendo licenciado/a en Dereito, reunir os requisitos establecidos na Lei Orgánica do poder Xudicial para o ingreso na Carreira xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico o cargo.

- Compromiso de residir no municipio de Carral, no seu caso, durante o desempeño das súas funcións e salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de xustiza de Galicia.

- Non pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo deles mesmos durante o desempeño das súas funcións, no seu caso.

- Declaración relativa á profesión actual da persoa interesada.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Xustificación dos méritos que alegue (estudos e experiencia laboral relacionada co cargo pretendido, e , no caso de ser avogado/a en exercicio, o compromiso expreso de abandonar o exercicio se fose nomeado).

3- Publicar un anuncio no taboleiro de edictos do Concello e remitilo para a súa publicación nos do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no do propio Xulgado de Paz.”


O 27 de outubro de 2022 publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (nº 204) o anuncio indicado, data dende a que se computa o prazo establecido ao efecto.

Asemade, o 24 de outubro remitiuse un anuncio para a súa exposición no taboleiro de edictos do Xulgado Decano do partido xudicial da Coruña e , entre os días 28 de outubro e 18 de novembro, inseriuse outro anuncio no taboleiro de edictos do concello e do Xulgado de Paz de Carral (ademais dunha copia do anuncio publicado no BOP, entre o 28 de outubro e o 18 de novembro 2022).

De acordo co informe emitido o 21 de novembro pola auxiliar do Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de QUINCE DÍAS outorgado ao efecto dende a publicación no BOP, entre os días 28 de outubro e o 18 de novembro de 2022 (ambos incluídos), presentáronse no rexistro xeral do Concello as seguintes solicitudes:

D. Francisco Lozano Zapata, 3 de novembro de 2022 (rexistro nº 2033).

Tendo en conta os méritos alegados polo interesado , e o feito de que D. Francisco Lozano Zapata ven desempeñando funcións de xuíz de paz titular no municipio durante os últimos anos, en uso das atribución que confiren os artigos 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **propoño ao Pleno do Concello**, previos os preceptivos informe da Secretaría do Concello e ditame da Comisión Informativa correspondente, que adopte os seguintes acordos como órgano competente ao efecto, de acordo coa atribución outorgada polo artigo 101.2 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, salvo que estime que as condicións do interesado non son as idóneas para o desempeño do posto ao que opta:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 1.- Elixir a D. Francisco Lozano Zapata (DNI 32429603V) Xuíz de Paz titular de Carral (A Coruña).
- 2.- Elevar tal elección , segundo o indicado no artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que efectúe, no seu caso, o nomeamento do elixido para un período de catro anos.”

O Alcalde explica que só se presentou un candidato e polo tanto procede propoñer a elección de don Francisco Lozano Zapata (DNI 32429603V) Xuíz de Paz titular de Carral (A Coruña) por un período de catro anos.

Dona Florinda di que lle estraña que o Alcalde de os datos todos, e o Alcalde contesta que foi un lapsus.

O señor Mourinho di que por un lado continuidade no caso desta persoa que leva moitos anos como xuíz de paz e por iso nos parece ben e en canto ao substituto no suposto de que a persoa que está queira marchar ou cando se xubile, que quede o substituto.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12


- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

2.- Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.

2.1.- Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 350/2022 ata o 444/2022, e no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

2.2.- Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 7 de setembro, 30 de setembro, 13 de outubro e 28 de outubro de 2022.

3.- Mocións dos grupos políticos

O Alcalde di que hai 4 mocións presentadas, dúas do Partido Socialista e dúas do Partido Popular.

En relación coa primeira moción do PSOE relativa ao saneamento de San Vicente de Vigo, o Alcalde sinala que xa no Pleno anterior fíxose alusión a este punto e xa se explicou que se estaba levando a cabo a modificación do correspondente proxecto e que se levaría ao POS 2023, de todas formas dálle a palabra para que expoña a urxencia da moción.

3.1.- Actualización de prezos e orzamento do proxecto de construción: Nuevo Saneamiento en San Vicente de Vigo (Carral) fase 2de cara a súa inclusión e financiación no plan de obras e servizos da deputación da Coruña do 2023 . POS +2023

Dona Patricia expón que como todos os grupos están de acordo en que rematar o saneamento é prioritaria o que lle piden ao Pleno é aprobar a moción de maneira que se actualice de forma inmediata os prezos e poder metela en canto saia o POS 2023, porque é certo que se falou, pero de maneira informal.

Procédese á votación da urxencia, co seguinte resultado:

Votacións:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Votos a favor: 7

- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto


Abstencións: 5

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Aprobada a urxencia por maioría absoluta, dona Patricia procede á exposición da moción, que consta no expediente, presentada en data 22 de novembro de 2022, rexistro de entrada 202299900000823 e cuxo tenor literal é o que segue:

“EXPOSICION DE MOTIVOS:

Dada a importancia de dotar a toda a poboación deste servizo, e estando o Concello de Carral, moi por debaixo da cobertura desexada en canto a redes de saneamento e sabendo a importancia de este proxecto que completará en gran medida e dentro das posibilidades propias a rede de saneamento desta parroquia, o grupo socialista insiste na inclusión desta obra no próximo Plan de Obras e Servizos Provincial, para elo e segundo informes traídos ao pleno polo goberno municipal é necesario a actualización de prezos do proxecto de acordo ao informes antes referidos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Toda vez que tentamos incluír o cita proxecto no POS de 2022 tendo que desistir debido ó informe negativo da Deputación causado por unha banda polo nulo interese do Goberno Municipal para achegar os fondos precisos para completalo e por outra banda pola falta de actualización de prezos do proxecto froito da absoluta desidia deste Goberno Municipal.

ACORDOS

Primeiro, se actualice de forma inmediata os prezos e o orzamento do Proxecto de Construción: **NUEVO SANEAMIENTO EN SAN VICENTE DE VIGO (CARRAL) FASE 2.**

Segundo, sexa incluído o anterior proxecto nos investimentos financiados polo Plan de Obras e Servizos da Deputación de A Coruña para o 2023 (POS+2023), completándose a financiación destes investimentos en caso de ser necesario con fondos propios do Concello de Carral.

En Carral, a 22 de novembro 2022

Patricia Blanco Fidalgo

Voceira Grupo Municipal Socialista de Carral”.

Don Jose Luis toma a palabra para puntualizar que se ben o tema falouse, o equipo de goberno abstívose na votación de urxencia da moción, platexabamos que era unha obra proposta polo actual equipo de goberno e o que queremos é que se remate. Neste POS 2023 xa están as bases e incluso as cantidades, e a Carral correspóndenlle 301.1700,09 e como sinalou a voceira do grupo socialista, no caso de que non cheguen o Concello terá que ter en conta esta moción, e a prioridade desta obra.

Dona Florinda toma a palabra di que ela vai votar a favor e xa que eles teñen que respectar os acordos plenarios, é unha forma que obrigarlles a incluír este saneamento dentro do POS, evidentemente ten que ter fondos propios do Concello, e escoitando ao voceiro do grupo popular non van chegar, actualíceno todo para que despois non quede remanente para meter en gasto corrente.

Dona Susana pide a palabra para dicir que estamos a 24 de novembro de 2022, e no Pleno do 27 de outubro de 2022, e por iso nos abstemos na urxencia, na miña intervención aclarei o que o Alcalde estivo tempo repetindo, *saneamento de San Vicente, por suposto que é importante e necesario, por suposto que este Goberno fixo a primeira fase, e que desde o ano en que foi aprobada a depuradora no 2011 ata o 2019, que entramos nos, non se fixo nada. Fixemos a primeira fase e xa temos encargada a actualización do orzamento, que o proxecto anda entorno aos 360.000 e que é intención deste goberno municipal que vaia ao POS do ano que ven, para que imos votar unha urxencia cando xa quedou na acta que esa é a nosa intención.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dona Patricia di que na acta quedou a intención e que non entende que nos esteamos pelexando por algo que queremos todos.

Non habendo máis debate, procédese á votación da moción.

Votos a favor: 12

- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

3.2.- Moción para instar á Xunta de Galicia a arranxar a problemática das traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Dona Patricia expón que o motivo principal da moción é instar a Xunta a que se reúna coas traballadoras no Consorcio Galego de Servizos, porque teñen reunións cos sindicatos, pero non coas traballadoras.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Procédese á votación da urxencia, co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Aprobada a urxencia por unanimidade, dona Patricia procede á exposición da moción, que consta no expediente, presentada en data 22 de novembro de 2022, rexistro de entrada 202299900000824 e cuxo tenor literal é o que segue:

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de CARRAL de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consorcio Galego de Benestar está integrado pola Xunta de Galicia, 284 concellos galegos e 5 mancomunidades. As funcións e servizos que se desempeñan dende o mesmo, son fundamentais para o benestar da cidadanía galega.

Dende o Consorcio Galego lévase a cabo a xestión dunha importante rede de centros de atención ás persoas maiores e á dependencia, así como o programa de comida a domicilio Xantar na Casa, a xestión dos centros Quérote para a xuventude, e ademais é o organismo xestor da Rede Galega de Escolas Infantís.


O pasado ano 2021, o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para o fomento da estabilidade laboral no emprego público.

As administracións teñen que publicar as convocatorias antes de finais deste ano, polo que miles de traballadoras do Consorcio Galego, na súa gran parte mulleres, están agardando un posicionamento por parte da Xunta de Galicia ao respecto, xa que se trata dun dos organismos coa maior porcentaxe de temporalidade, máis dun 90 % e polo tanto, a que maior necesidade e interese nos procesos de estabilidade na administración pública ten. A Xunta está a negociar cos principais sindicatos, a pesar diso non deu cabida a ter unha xuntanza ou comunicación coas representantes da última folga convocada polas traballadoras do Consorcio Galego.

Entre as súas demandas atópase a necesidade de falar co Goberno galego para saber cal é a súa posición respecto á puntuación da experiencia laboral en dito organismo e posto de traballo, xa que nas súas demandas consta a necesidade de que este feito se teña en conta para equipararse a outras entidades ou organismos públicos tratados como entidades propias para que conste a tal efecto dita experiencia.

Por estes motivos, o Grupo Municipal Socialista, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de CARRAL a adopción dos seguintes acordos:

- g. Instar á conselleira de Política Social a que reciba ao comité de folga das traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aos efectos de escoitar as súas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

demandas, sen prexuízo dos acordos adoptados no marco da mesa de negociación de función pública.

h. Instar á Xunta de Galicia a resolver o conflito laboral plantexado no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

En CARRAL a 22 de NOVEMBRO de 2022

Asinado

Patricia Blanco Fidalgo

Voceira do Grupo Socialista no Concello de Carral”

Don Jose Luis toma a palabra para dicir que lles parece ben o plantexamento do Grupo Socialista, aínda que sexa en contra da Xunta de Galicia, pero eles están de acordo en instar a solución do conflito.

Dona Florinda subscribe as palabras do señor Mouriño.

Non habendo máis debate, procédese á votación da moción.

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

A continuación procédese ao tratamento das mocións presentadas polo Grupo Popular.

3.3.- Moción para que se expoñan ao público o documento de resolución de alegacións ao Plan Xeral de Organización Municipal á maior brevidade posible.

O Alcalde concédelle a palabra a don Jose Luis para que xustifique a urxencia. Don Jose Luis expón que en abril do ano 2019 chegou a resolución de todas as alegacións presentadas durante o ano 2016 para a aprobación do Plan Xeral, e nos preocupa que despois de 43 meses esteamos sen Plan Xeral, e non sabemos porque unha vez que están atendidas as alegacións, non lle damos paso á exposición pública para a aprobación provisional, para despois remitilo á Xunta para a aprobación definitiva.

Procédese á votación da urxencia, co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 7

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños


1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 5

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Aprobada a urxencia por unanimidade, don Jose Luis procede á exposición da moción, que consta no expediente, presentada en data 24 de novembro de 2022, rexistro de entrada 202200000002181 e cuxo tenor literal é o que segue:

“O Grupo Popular de Carral a tenor do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais presenta a seguinte Moción:

En abril de 2019, ESTUDIO TÉCNICO GALEGO, empresa encargada de redactar o Plan Xeral do Concello de Carral, entregou no rexistro o informe das alegacións para a exposición o público e de maneira redactar o informe para a aprobación provisional por parte do Concello.

Pasado 43 meses, considérase tempo mais que suficiente como para ter aprobado definitivamente o Plan Xeral de Organización Municipal.

Polo que este Grupo Municipal solicita mediante esta Moción que se expoñan ó público o documento de resolución de alegacións a maior brevedade posible.

José Luis Fernández Mouriño

Portavoz do Grupo Municipal”.

O Alcalde di que todo isto está pendente do deslinde entre Carral e Cerceda, xa nos xuntamos en varias ocasións en non se chegou a un acordo. E ademais está pendente a autorización de augas de Galicia, que esixe que as traídas particulares reúnan unhas condicións e estase traballando neste tema.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dona Florinda pregunta que pasou con todas as alegacións que se presentaron do Concello? Non teñen que vir ao Pleno, para resolvelas e estudialas, non ten que xuntar aos partidos políticos, non ten que xuntar unha mesa cos técnicos? Pregunta ao señor Couto se recorda cantas alegacións estaban presentadas e don Pablo di que 600. A señor Duarte continúa dicindo que o Alcalde so está pendente do deslinde e de Augas e que as 600 alegacións que presentaron os veciños na anterior lexislatura, vostede pódeme dicir cantos meses lle quedan de Alcalde e canto tempo vai levar estudar esas 600 alegacións?

O Alcalde di que xa están todas miradas e que xa o anterior Goberno as tiña todas miradas, pero temos que esperar aos informes sectoriais.

Don Pablo toma a palabra para dicir que o que se ten que facer agora é unha exposición pública e unha aprobación provisional, e que o tema do deslinde xa estaba falado con Cambre e incluso nomeada a Comisión de Deslinde, e di que non entendo porque non se fai. As alegacións estaban vistas e resoltas nun 99%, e tendo en conta que é precisa unha nova exposición pública, seguemos sen entender como non se trouxo ao Pleno para que a xente poida ver o resultado, agora mesmo o que está facendo o goberno actual e paralizano unha parte fundamental do tecido de Carral.

Non habendo máis debate, procédese á votación da moción.

Votos a favor: 7

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular


0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 5

0 PSdeG-PSOE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría absoluta.

Estado Proposta: Aprobada

3.4.- Moción do Grupo Popular do Concello de Carral sobres as peaxes das autoestradas estatais AP-9 e AP-53.

O señor Mouriño pasa a expor a urxencia da mesma, dicindo que de caro ao ano 2023 a información que se ten é que o Estado titular da AP-9 e a AP-53 pretende subir o IPC e hai experiencias nas autopistas da Comunidade Autónoma nas que se conxelaron os prezos para este ano 2023 e queren pedirlle ao Goberno da nación que non suba o IPC.

Procédese á votación da urxencia, co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0


0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Aprobada a urxencia por unanimidade, don Jose Luis procede á exposición da moción, que consta no expediente, presentada en data 24 de novembro de 2022, rexistro de entrada 202200000002182 e cuxo tenor literal é o que segue:


“O Grupo Municipal de Carral conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra o territorio onde reside o 60 % da poboación. Así mesmo, tamén é a autoestrada que, a pesar das bonificacións implantadas, está entre as máis elevadas de España, xunto coa outra autoestrada estatal en Galicia, a AP-53, que non ten ningún tipo de bonificación.

A día de hoxe, e aínda coas bonificacións implantadas, a AP-9 ten un custo medio por quilómetro de 6,12 céntimos. No caso da autoestrada estatal AP-53, de comunicación de Santiago con Ourense, ten o curso da peaxe máis alto de Galicia e atópase no “top” de España, con 7,77 céntimos de custo medio por quilómetro.

Estas dúas autoestradas estatais non só son das máis caras de España, sen’n que tamén se seguirán encarecendo en xaneiro, coa suba derivada do IPC se o Goberno central non adopta medidas, como xa fixo a Xunta nas autoestradas autonómicas da súa competencia, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, e a AG-57, Vigo-Baiona.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Isto significa que, se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ámbalas &las autoestradas estatais en Galicia roldara o 9 por cento, o que suporá o segundo maior incremento da serie histórica.

Entrando mais en detalle, os galegos teremos que soportar unha suba de mais do 8% nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 e de case o 9% na AP-9. Nesta Última haberá que sumarlle o 1% de incremento extra pola compensación a Audasa polas obras de ampliación da autoestrada, que autorizou un Goberno socialista en España.

Desde o grupo do Partido Popular do concello de Carral lamentamos que ante a escalada de prezos e o evidente impacto que o IPC is ter nas tarifas das autoestradas estatais AP-9 e AP-53, o Goberno de España non prevese ningunha medida nos Presupostos Xerais do Estado de 2023 co obxectivo de paliar o impacto da suba das peaxes no peto das familias e na competitividade das empresas.

Porén, consideramos que o Goberno de España esta a tempo. Pode e debe evitar que os galegos teñamos que asumir o vindeiro 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 e da AP-53 no peor momento.

É por iso que, desde o grupo do Partido Popular presentamos esta moción no Pleno do concello de Carral para pedirlle ao Goberno de España que siga o exemplo do Goberno galego, que adopte medidas similares as que xa adoptou a Xunta nas &las autoestradas de titularidade autonómica, coa conxelación das peaxes en 2023, para evitar que os cidadáns asuman unha suba por mor do IPC, que esta disparado.

Para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da soa competencia como consecuencia do IPC, adoptou a decisión de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Os Orzamentos da Xunta conteñen unha partida de 4,8 M€ para paliar o impacto das peaxes nos usuarios, absorbendo o impacto do IPC e aplicando descontos. Esta partida representa un incremento do 86% con respecto ao 2022 e permitira continuar coas bonificacións xa activas (usuarios recorrentes, en



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

horario nocturno e para familias numerosas) e conxelar o prezo das peaxes das autoestradas autonómicas o 1 de xaneiro de 2023.

Esta medida da Xunta vense a sumar a que xa adoptou o 1 de xaneiro de 2022 para limitar o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, asumindo a metade do incremento, un 2,5%, no canto do 5% que correspondería.

Polo tanto, está fóra de toda dúbida que é unha cuestión de vontade política que o Goberno de España colla exemplo e adopte medidas nas autoestradas de titularidade estatal como as que a Xunta vai facer nas autoestradas autonómicas da súa competencia

En definitiva, é posible limitar as subas das peaxes e o Goberno de España ten o deber de facelo nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia: na AP-9 e na AP-53.

Tendo en conta todo o exposto, o grupo do Partido Popular do concello de Carral propón a adopción da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

O concello de Carral insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.

En Carral a 23 de novembro de 2022

Jose Luis Fernandez Mouriño

Voceiro”

Non habendo debate, procédese á votación da moción.

Votos a favor: 12


3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

4.- Rogos e preguntas.

Dona Florinda plantea as seguintes preguntas.

- Respecto da vermufeira pregunta á Secretaria que tipo de contratación ou procedemento se fixo para ter contratado no Campo da Feira unha xente que vende pulpo, churrasco e vemú, e pregunta a intervención se hai ingresos por parte desa empresa.

O Interventora pregunta polo nome exacto e o CIF para poder localizar os ingresos.

O Alcalde contesta que este señor monta un posto como calquera outro feriante.

Dona Florinda insiste en que se anuncia unha vermufeira e hai unha ordenanza municipal para por instalacións do Concello a disposición de empresas con ánimo de lucro, e esta totalmente prohibido e o último domingo do mes de outubro unha empresa, que non é do Concello de Carral, está facendo a vermufeira, dispoñendo da carpa municipal para un uso lucrativo e privado, e estou segura de que iso é totalmente ilegal, e que haberá que facer un procedemento no que poidan participar todos os hostaleiros de Carral.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde lle di que contestaran os técnicos. E dona Florinda pide que lle deixe facer as preguntas.

O Alcalde lle retira a palabra e dona Florinda abandona o salón de Plenos sendo as 21:47 horas.

Dona Mercedes pide a palabra para dicir que lle gustaría saber dos produtos que vende a señora Florinda cales son excedente de feira, e pide que conste en acta que quere que a señora Florinda Duarte lea a Ordenanza de Feira, para saber se os produtos que ela esta vendendo son excedente de feira e sen ánimo de lucro.

Dona Patricia toma a palabra para facer as seguintes preguntas:

- En relación a mobilidade, están recibindo queixas de algúns veciños usuarios de cadeiras de rodas indicando que lles é moi complicado moverse polo casco urbano de Carral, e pregunta se estase a facer algún estudo co fin de garantir a mobilidade destas persoas.

- Á concelleira de facenda e a interventora, en relación co estado de execución do orzamento, polo que tivo tempo a ver por encima, pide que lle confirmen se estamos un pouco por encima do 50% de execución orzamentaria do ano 2022. Dona Susana contesta que non é certo.


- Tamén en relación cos diñeiros, expón que deixouse unha parte importante para gasto corrente e o mesmo tempo vemos iniciativas como a vermufeira, festa de fin de ano, etc e descoñecemos os fondos dos que están a dispor, de onde saen eses cartos?

- Ao Alcalde, dende o mes de marzo está sen facer unha transferencia de crédito dende a partida de persoal, contando esa partida co remanente dos importes non satisfeitos tras a saída dos concelleiros do PSOEdeG, entendemos que habería que facer unha transferencia xa que estamos con problemas de liquidez.

- Van presentar orzamento para o ano 2023? E no caso de que o vaian presentar van contar cos partidos da oposición para chegar un acordo. Nos tendémoslles a man para reunirmos.

- Ao concelleiro de obras, en relación as obras da Cabra, non houbo proxectos, non houbo permisos, non houbo necesidade de nada, alí estaban os coches daquela maneira? Onde está ese proxecto de execución e a responsabilidade de esa obra. Por que houbo tantos inconvenientes e durante tanto tempo?

- Á concelleira de educación, dende o 30 de setembro que presentei por rexistro a solicitude da documentación referida a desafectación das casas dos profesores, se me contestou que era un expediente moi largo, e que tardarán en entregalo. Cando se vai entregar?



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Os veciños de Tabeaio consultan cal é a aportación do Concello no xantar de veciños da Asociación O Rueiro, xa que a carta que recibiron leva a o logo do Concello? Don Francisco contesta que eles votaron a favor, porque ca Asociación de Veciños o Rueiro firmouse un convenio, no que se lles da unha cantidade que despois eles destinan ao que queren.
- Ao concelleiro de deportes, cando se vai a abrir o spa e cando se vai por calefacción nos vestiarios do complexo deportivo? Don Francisco contesta que aí xa hai calefacción e en canto a apertura do spa cando se poida.
- Á Secretaria, cando un grupo solicita información ou documentación hai un prazo para que o Concello conteste? A Secretaria contesta que se no prazo de 5 días non recibe contestación hai silencio positivo, e iso quere dicir que se resolverá dando acceso á documentación o información solicitada.
- Por último fai un rogo, tendo en conta que parte dos concelleiros teñen problemas para asistir aos plenos en horario de mañá, en previsión de que haberá un pleno extraordinario para a elección dos membros das mesas electorais, rogo que o mesmo sexa convocado pola tarde. O Alcalde contesta que ten que comentalo cos funcionarios, porque o tema das mesas o leva a funcionaria de padrón.

O Señor Mouriño fai as seguintes preguntas.

- Incidindo no tema que plantexaba a señora Duarte, paréceme ben que se promocionen as feiras, non sei se a señora Duarte ten razón ou non, pero o que non ten razón é o Alcalde en ensañarse desa forma cos representantes dos veciños de Carral, e debería escoitar todos os plantexamentos que poidan facer os concelleiros. Hoxe é o Pleno 7 do ano 2022, levamos 7 plenos é está a rematar o ano, tampouco é aguantarnos tanto e debería ter máis consideración cos concelleiros da oposición. Volvendo ao tema da feira, non me gusta que fixo unha modificación de crédito para a promoción das feiras, quitando 3000 euros que estaban destinados a becas e rógolle que non o volva a facer, non creo que sobre diñeiro en becas.

Sendo as 21:58 sae do salón de Plenos don Pablo Couto.

- Fágolle outro rogo, tendo en conta que para o Plan de Obras a Deputación vai destinar ao Concello de Carral 301.000 euros e en marzo abril, sae unha nova partida que case duplica, pídlle rematar o saneamento na parroquia de Tabeaio e quedaría Gosende, onde habería que facer un proxecto conxunto con Cambre.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sendo as 22:00 horas reincorporase ao salón de Plenos don Pablo Couto.

- Reitera a petición da concelleira Margarita, hai un eucalipto na pista que vai dende o Esperón a Vista Real e está en terreo municipal, molesta e incluso está estropeando o firme, que se intente cortar. Ao mesmo tempo hai outro pino no camiño que vai dende Gosende a Corposán e que esta estropeando o camiño municipal e rogo que se tomen medidas.

- Os veciños de San Vicente están preocupados polo estado dunha marquesiña fronte o local social de San Vicente, que se move, e sería cousa de que fora un operario municipal a vela e tomara as medidas necesarias.

- Estes días pasados vin nunha publicación na Voz de Galicia, na que Alternativa dos Veciños fala do Concello da Coruña, de Oleiros, de Cambre, de Culleredo, incluso recriminando aos concellos de ao redor que non teñen un Plan Xeral aprobado e coincide co mesmo cor político que o actual Alcalde o que ten relación coa moción presentada fai un momento para a aprobación do Plan Xeral, e me sorprende un pouco a nota que di “*Creando aparcamento xunto ao Campo da Feira*” dicindo que esa explanada foi acondicionada e que quedara en perfectas condicións e teño que dicir que o anterior equipo de goberno usaban o mesmo terreo para aparcamento e cando había algún bache os operarios do Concello ían por unha pouca zahorra a Canarga e tapaban os baches, o que me sorprende é que se gastaran 17.000 euros e vexamos como está a situación hoxe en día e agradece que non interviñesen na zona esa que non teñen autorización porque esa zona segue estando en perfectas condicións. E despois de gastar eses 17.000 euros ou mesmo máis, esa zona está igual que estaba antes, cando antes ao ano custaba 600 ou 800 euros.

- En relación a pregunta de dona Patricia, aclara que o expediente de desafectación das vivendas dos mestros está máis que consumada, o Concello de Carral ten os títulos das 17 casas das vivendas dos mestros que son propiedade exclusiva do Concello de Carral.

Dona Mercedes pide a palabra por alusións, e dille ao señor Mouriño que non faga demagogia barata, que os cartos das partidas das becas gastáronse todos, eses 3000 euros non eran das becas, está mal informado. E tamén está bastante mal informado disto último que acaba de dicir sobre a desafectación das casas, que non está tan enterado como lle parece.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dona Susana toma a palabra para aclarar que a palabra becas úsase para premios, subvencións e todo iso, eses 3000 euros se refiren a iso, algo que había relacionado con turismo, con feiras, co que sexa... pero en ningún momento se minorou a partida de becas de educación.

Don Rubén toma a palabra e contesta en relación co eucalipto que despois de falar coa técnica de medio ambiente está en proceso de corta, e en relación coas obras da Cabra asume parte da culpa, pero houbo uns conflitos veciñais e inclemencias do tempo que non se poido facer.

O señor Jose Luis toma a palabra para dicir que el non fai demagogia, que o decreto firmado polo señor Alcalde, o 305 deste ano 2022, pon alta promoción de feiras, 3000 euros, baixa becas, 3000 euros. Dona Susana repite que non son becas de estudos.

O señor Francisco fai a seguintes preguntas ao señor Mouriño.

- Respecto do local social de Cabrois, pregunta se recorda porque colocou as casetas nunha finca diferente da que se sinalou no convenio, se recorda porque fixo unha actuación non autorizada nun terreo sen cesión, porque colocou unha fosa séptica pegada a un regato, incumprindo a normativa de augas e porque foi en contra dos informes de intervención, do técnico, de augas de Galicia e porque gastou 15.354,90 e agora para volver á situación de legalidade hai que gastar case 28.000 euros para retiralo.

- E refrescando a memoria das contas das súas malas xestións, expediente de Varinca 116.031 euros; expediente das beirarrúas do instituto que tivemos que acabar nos, 28.900,85 euros; expediente dos terreos do instituto, unha reclamación millonaria que nos pedían máis de 2 millóns de euros, aínda non podemos poñer cifra, porque aínda non temos sentenza firme. Con estas cifras, xa case temos para a segunda fase do saneamento.

- Temos aí en fronte un edificio no que está vivindo xente dende o ano 2009, o número 2 do Campo da Feira, e rogamos que nos diga porque ese edificio está sen licenza de primeira ocupación e rogamos que nos aclare porque un terreo que era de cesión obrigatoria, acabou en mans dun íntimo amigo seu o mellor dito, da muller. E rogamos ademais que nos diga se é certo ou non, como aseguraron varios propietarios, que vostede lles fixo chegar unha oferta no ano 2018 e outra no 2019 de que se aportaban unha cuantiosa cantidade económica por vivenda lles concedía a licenza de primeira ocupación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Mouriño toma a palabra para dicir que el atendendo as numerosas peticións dos veciños de Cabrois, que non tiñan ningunha instalación na que reunirse, firmou un convenio cos propietarios da finca, no cal o único compromiso que tiñamos era limpar a finca e así se fixo. A caseta de obra que é o local social, mentres non se fixo o Vicente Otero Valcarcel serviu para educación, e se negociou ca Consellaría de Educación que cedeu a caseta, e o Concello a colocou alí, na plataforma que se fixo, que costou 15.000-16.000 euros o que me parece pouco por facer unha plataforma, colocar a caseta, pintala, acondicionala e poñela en perfectas condicións. A caseta está perfecta para poder usala, quedara con luz de obra e non creo que coste moito traballo dar de alta a electricidade. En canto a distancia, non é un regato, e unha simple fonte, que acondicionamos, e está o suficientemente lonxe. Pero si a obsesión de vostedes é tirar abaixo todo o que fixo o Partido Popular, ou o que fixo Mouriño, fágano, pero iso se que é malgastar o diñeiro.

Nos tiñamos unha biblioteca infantil, e agora non hai biblioteca, tiñamos un local para as persoas maiores na segunda planta do Toñito Espiñeira, e agora non poden ir as persoas maiores a esa segunda planta e non entendo ese ensañamento con todo o que fixo Mouriño. E manteño que esa obra que se fixo en Cabrois está en perfectas condicións e senón queren que os veciños vaian alí, non me preocupa. Posiblemente queiran facer de benfeitores, vin unha doazón por parte do señor Alcalde, dunha finca en Cabrois para poder facer o local social, e iso penso que si que é oportunismo.

O Alcalde toma a palabra para dicir que todo o que leva dito ata agora é mentira, montou un galpón nunha finca que non era a que dicía o convenio, enganchou a luz na torre de Fenosa máis cerca, sen pedir permiso, e calquera veciño pode vir a ver os expedientes.

A finca que dei eu, non é para un centro social, é para pedir unha subvención para unha depuradora.

Sendo as 22:31 horas dona Susana sae do salón de plenos.

E non diga que estamos en contra de todo o que fixo vostede, xamais irei en contra do que fai vostede se o fai ben. Pero dúas obras que ten, están aí para velas os veciños, a obra da Rúa do Souto quedou a metade sen facer, e estaba certificada conforme estaba acabada, e dixo nun Pleno que as farolas que estaban sen poñer estaban depositadas no almacén dunha empresa, e non estaban, e pregunta se é verdade que estaba a obra acabada.

Don Jose Luis pide que lle deixe falar e di que non cre que haxa ningún veciño en Cabrois que diga que se invadiu propiedade, como para dicir que a caseta colocouse onde me deu a gana a min, colocouse



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

onde quixeron os veciños, nunha propiedade na que hai un convenio, e non fixen ningunha irresponsabilidade colocando esa caseta.

En relación coa finca que vostede doou para facer unha depuradora, alégrome moito e felicítolle de que sexa para iso.

En canto a Varinca, non lle costou nada ao Concello, o xuíz o que fixo foi devolver os cartos que o Concello cobrou de licenza de obra, pero non houbo ningún tipo de reclamación, non se fixo a obra e devolveulle o que pagou pola licenza de obra.


Sendo as 22:33 horas entra de novo ao salón de Plenos dona Susana.

Todo o tema de Varinca quedou en cero.

Relacionado co tema da Rúa do Souto, máis mala fe que pode ter este equipo de goberno, non a tivo ningún equipo de goberno na historia de Carral, aos poucos meses de tomar posesión, o primeiro que fai é denunciar a José Luis Fernández Mouriño na fiscalía porque hai unha obra que é a Rúa do Souto e que din que eu quedeime co diñeiro, e o cargo mínimo eran 4 anos e vostedes quixéronme meter na cárcere e a día de hoxe non se atreveron, nin se dignaron a dicir, José Luis perdoa porque creo que nos pasamos. Esa obra está máis que xustificada, veu un perito no seu día valorar esa obra, e demostrouse que todos os cartos desa subvencións estaban aí invertidos nesa obra.

E relacionado coa noticia que apareceu na Voz de Galicia, de que o Concello de Carral pode quedar en quebra porque un propietario dos terreos onde se fixo o instituto, por culpa de Mouriño, pídenos 2 millóns de euros, por suposto que os terá que pedir, porque dende o ano 2019 que estaban as alegacións para resolver, para expoñer ao público o Plan Xeral, nese tempo era cando a ese promotor había que darlle, porque desde que se iniciaron as obras do instituto, en xaneiro de 2015 había 6 anos para cumprir co acordo, que era unha cesión de terreos. Había que darlles unha parcela para que urbanizasen e estivese contemplada no Plan Xeral, e de aí viña a urxencia de aprobar o Plan. Esa familia portouse ben co Concello, porque non era fácil facer un instituto en Carral, porque a Xunta exixía unha parcela de 8.000 m² a menos dun quilómetro do núcleo e eses dous millóns de euros que apareceron no panfleto non son tal, o que hai é un compromiso con esa familia que hai que cumprir.

E agora falan vostedes da licenza de primeira ocupación dun edificio que está no Campo da Feira, eu falei con case todas estas persoas (referíndose ao público que se atopa no salón de plenos) e non sei o que pasou, é certo que o promotor e amigo meu, e non sei se querendo o sen querer, pero intentou construír



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

nunha zona que aparentemente comprou e que solicitou licenza para demolición dunha casa, o Concello concedeulle licenza, solicitou modificación para cambiar o proxecto orixinal por outro proxecto e non o puido facer, porque o solar non era del. O que esta claro é que non din a licenza, e é o mesmo que fixo vostede.


O Alcalde di que Francisco non pregunta polo edificio de abaixo, está preguntando por unha finca que é de cesión obrigatoria de zona verde e o seu amigo aparece con ela comprada no 2011. Como seu amigo sabe que hai aí unha zona verde que hai que ceder ao Concello? E di que se equivocou ao comprar. E venme falar do edificio de abaixo. E igual que cando di que o denunciarei por ladrón, iso nunca o dixen, eu fun falar cos chavales de Marcos, e díxéronme o que che faga falta, abre o vial ata o instituto. Cheguei ao Concello e falei coa señora xurídica e lle pedín un documento conforme ao cal esa xente vai ceder para acabar de facer esas aceras e a xurídica contestoume que non podía facer un convenio porque esa obra estaba finalizada e certificada e díxome que tiña que denunciálo.

Dona Sonia lle di o Alcalde que non foi así e pide a palabra.

O señor Jose Luis di que o Concello de Carral da licenza a unha empresa de Lugo para facer a promoción, empezan a facer a primeira fase, con todas as bendicións, hai uns papeis no que o técnico do Concello dicía que ese terreo tiñan que urbanizalo os promotores, pero os promotores desapareceron de aí e deixaron sen acabar a obra e a zona esa, ao Concello non lle importa de quen sexa esa zona, o que importa é que é zona verde e ten que ser do Concello, e o Concello ten que facerse con ela. O Alcalde pregunta como e o señor Mouriño di que comprando, senón é do Concello, o Concello ten que demostrar que é de el, e o Alcalde anterior mantivo todo o tempo que ese terreo era público, e os servizos xurídicos dixeron que non se podía dar licenza de primeira ocupación a esas vivendas porque ese terreo non estaba entregado ao Concello e como o informe non era favorable o Alcalde non deu licenza de primeira ocupación.

O Alcalde toma a palabra para dicir que non foi Sonia a que lle deu o consello de denunciar, foi o avogado quen dixo que no momento no que son coñecedor de que non está o vial, o teño que denunciar para poder facer a obra.

O Alcalde lle pregunta que como non deu a licenza dende o ano 2009 e don Jose Luis contesta que porque segundo o servizos xurídicos non a pode dar, pero que a de el agora. E o Alcalde pregunta como no 2011 lle dixo aos veciños que entregaran cada un 3000 euros e o señor Mouriño di que o mantén.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O público comeza a falar e interromper o desenrolo da sesión, a Secretaria advirte de que o público non pode intervir e que se queren que interveñan que se proceda a levantar a sesión.

Don Jose Luis di que el pediu 600 euros para facer unha cosa similar ao que é o Campo da Feira, para urbanizar e dar a primeira ocupación e o sigue mantendo.

O Alcalde di que os propietarios non poden urbanizar un terreo que é de un terceiro. O señor Mouriño di que o Concello asumía a obra con cartos dos propietarios e que aí se fixeron moitos favores.

Don Francisco toma a palabra para dicir que non vai volver sobre o tema, pero que no tema do instituto xa no 2017 meteron un escrito, no de Cabrois están os informes de augas. E por alusións, vostede falou que pechamos a biblioteca infantil, pero pode darse unha volta polas instalacións do Concello e verá que temos biblioteca infantil que funciona moi ben, a puxemos noutro sitio, porque aquilo non era unha biblioteca infantil, tiña aquilo como unha gardaría e as persoas que estaban alí non eran puericultoras. E di que nos cargamos o do Toñito. Don Jose Luis pregunta se as persoas maiores poden ir agora ao Toñito Espiñeira que antes tiñan alí o seu punto de reunión e dona Mercedes contesta que agora traballamos nos alí. E o señor Bello di que agora alí aí máis persoal, temos unha ADL, está a técnica de educación, porque vostedes tiñan a feira no departamento de servizos sociais e di que coas instalacións que teñen intentan xestionar da mellor maneira posible, a biblioteca infantil está aí, co persoal da biblioteca, temos os libros e as actividades.


O señor Mouriño pregunta se hai puericultor e don Francisco contesta que non, porque os nenos non van merendar alí, como pasaba antes.

O señor Bello volve ao tema da licenza e di que o señor Mouriño di que a solución é compralo, pero dende o 2011 xa está a nome dese señor, se é legal porque non comprou vostede a finca esa?

Don Jose Luis di que mentres non se compre non hai solución. O Alcalde pide que se faga constar en acta.

Don Francisco pregunta como parou nas mans dese señor e porque lle pediu cartos a esa xente para dar a licenza?. O señor Mouriño di que o mantén, que teñen que urbanizar e senón o vai denunciar, di que asume a culpa, pero que se compran a finca xa esta, lles di que en tres anos e medio non buscaron solución e o Alcalde contesta que el en 11 tampouco.

Dona Susana pide a palabra para dicir que de todo hai documentación e calquera persoa que teña dúbidas pode vir ver a documentación, a ilegalidade do chabolo que puxo en Cabrois, nunha finca que non é



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

a do convenio, incumprindo a normativa de augas, incumprindo os informes dos técnicos municipais, e temos a documentación e estaba aquí, os terreos do instituto tamén temos aquí a documentación e a pode ver calquera veciño de Carral e despois decidir se cree a Mouriño ou se cree a Javier.

E outra cousa importante, en relación ao terreo para o acceso ao instituto, Javier xa o dixo e non sei se quedou suficientemente claro, en ningún momento a xurídica do Concello foi a que dixo que tiñamos que denunciar, todo o contrario. Cando nos dixeron que a obra estaba executada fomos aos avogados e dixeron que tiñamos que poñelo en mans do Xulgado e foi a Fiscalía a que veu indicios de delito, e xa estaba de antes, o grupo socialista aportounos documentación dunha demanda que fixeran dese expediente, e de todo iso temos a documentación que o acredita.


O señor Mouriño di que grazas a dios, que non oculta nada en absoluto. E xa que falamos dos servizos xurídicos do Concello, lle pregunta a señora xurídica se pode darse licenza de primeira ocupación? Dona Sonia contesta que os terreos ten que ser cedidos ao Concello e urbanizados. Don José Luis lle pregunta como se fai e dona Sonia contesta que ela non o sabe.

Don Francisco di que todo parte de porque a finca está a nome dese señor, se estivera a nome do Concello non había problema, a solución sería saber porque a finca está a nome dese señor, se chegou a algún acordo con el e se temos que rompo.

Don Jose Luis pregunta que é o que insinúa e di que o está calumniando. Os concelleiros falan ao mesmo tempo e o Alcalde di que levanta a sesión.

Dona Margarita pide facer un rogo antes de finalizar o Pleno e pide ao Alcalde que a trate igual que aos outros concelleiros, porque son a que menos fala e solo falo cando teño algo que dicir e sempre pido a palabra e se nalgún momento non o fago pido desculpas o que non podo é estar sen moverme, os seus concelleiros tamén falan as veces sen palabra e tamén moven a cabeza. E dille que teñen unha solución moi boa para todos os problemas planteados, que o pobo de Carral teña a gran sorte de que vostedes no mes de maio se vaian.

Ás 23:03 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta 7/2022 que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López